

Área de Recursos  
Humanos e Formación  
Expediente 37990/220

CONCELLERÍA DE  
CONTRATACIÓN,  
PATRIMONIO E XESTIÓN  
MUNICIPAL

CONCELLO DE  
VIGO



## PROCESO SELECTIVO SUBALTERNO/A OEP 2016

### **ANUNCIO PREVIO Á REALIZACIÓN DA 1ª PROBA: 05/09/2021 ÁS 12,30 HORAS- INSTITUTO FEIRAL DE VIGO (IFEVI)**

#### **ACCESO E CHAMAMENTO ÚNICO:**

O primeiro exercicio correspondente ao proceso selectivo para a cobertura de catro prazas de subalterno/a celebrarase o vindeiro **domingo, 5 de setembro, ás 12,30 horas no Instituto Feiral de Vigo (IFEVI)**.

Cada opositor/a ten asignado un número que se corresponde co da primeira columna do listado da lista de admitidos/as definitivamente. Comprobe cal é o seu número e memorícelo ou apúnteo.

Cada aspirante accederá por aquela porta na que está sinalizado o seu número.

PORTA 1: aspirantes do 1 ao 148 (Abal Castro a Crespo Harrison)  
PORTA 2: aspirantes do 149 ao 290 (Cristos Román a Herrera Sousa)  
PORTA 3: aspirantes do 291 ao 443 (Iglesias Álvarez a Pesqueira Cameselle)  
PORTA 4: aspirantes do 444 ao 591 (Piedras de Jesús a Yges Martínez)

#### **DNI E BOLÍGRAFO:**

Deberá comparecer para a realización deste primeiro exercicio provisto/a do seu DNI e co seu propio bolígrafo.

Ensinará o DNI estendendo o brazo cara a persoa que realiza o chamamento para facilitar o proceso.

#### **XEL HIDROALCOHÓLICO E MÁSCARA NO MOMENTO DO ACCESO:**

No momento do acceso indícaráselle ao/á participante que lave as mans con solución hidroalcohólica. A cada aspirante lle será facilitada unha máscara cirúrxica que deberá substituír pola que leva posta. Desta forma se garante que todas as máscaras utilizadas son conformes á normativa e cumpren os valores requiridos de BFE. Se quere conservar a que leva posta deberá ter previsto como gardala para non atrasar o chamamento.

#### **PROHIBIÓN DE DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS ACENDIDOS/CONECTADOS DURANTE A REALIZACIÓN DO EXERCICIO:**

Infórmase aos/ás aspirantes que durante a realización do primeiro exercicio, todos os **dispositivos electrónicos** (teléfonos móbiles, smartwatches, tablets, etc.) terán que estar **totalmente apagados/desconectados**.

#### **XUSTIFICANTES DE ASISTENCIA:**

Aqueles/as aspirantes que precisen un certificado de asistencia, deberán solicitálo por correo electrónico ao enderezo [ofi.recursoshumanos@vigo.org](mailto:ofi.recursoshumanos@vigo.org) e recibirán igualmente por este medio o certificado correspondente.

#### **OUTRAS NORMAS:**

Reitéranse as demais medidas de protección fronte ao contaxio da COVID-19 en procesos selectivos no Concello de Vigo contidas no anuncio publicado o 30/08/2021.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 02/09/2021 12:21

Páxina 1 de 2

Expediente 37990/220

CSV: 2CEHDB-DBD3CF-4D85A9-576BKA-NTAXHZ-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Vigo, na data de sinatura dixital  
O secretario do órgano de selección,

Lucio C. Varela Borreguero



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/09/2021 12:21	Páxina 2 de 2
Expediente 37990/220	CSV: 2CEHDB-DBD3CF-4D85A9-576BKA-NTAXHZ-EH	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		